

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



**Expediente 429/417**

**Asunto:** Nomeamento de D<sup>a</sup> María Montserrat Campos Bestilleiro como Técnica Media de Xestión.

## RESOLUCIÓN

Visto o informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente, de conformidade co artigo 5º.1.k) dos vixentes Estatutos desta Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP de Pontevedra de 06.10.2010) e a delegación do Alcalde-Presidente de 4 de xullo de 2023 (BOP de Pontevedra de 14.07.2023),

### RESOLVO:

Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na praza de Técnica Media de Xestión (subgrupo A2, escala de Administración xeral, subescala de xestión, clase media) a D<sup>a</sup> María Montserrat Campos Bestilleiro, con DNI \*\*\*3445\*\*.

Segundo.- Para adquirir a condición de funcionaria de carreira deberá tomar posesión no prazo de un mes a partir da publicación no Diario Oficial de Galicia, con acatamento a Constitución, Estatuto de Autonomía e resto de ordenamento xurídico.

Terceiro.- Publicar esta Resolución na web e no Diario Oficial de Galicia.

Cuarto.- Informar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, no prazo de dous meses, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Vigo, na data das sinaturas electrónicas

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada de Urbanismo e Vivenda

DOU FE, José Villán Fuertes, Secretario da XMU